

# LIDERA

REVISTA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO E  
EMPREENDEMENTO XOVE TRANSFRONTERIZO



PRESENTACIÓN  
LIDERA

COOPERACIÓN  
GALICIA - NORTE DE  
PORTUGAL

Nº1 - Setembro 2017



# Setembro 2017

## Nº1

**3** Presentación de LIDERA

**5** Descripción de LIDERA



# A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado presenta un novo proxecto europeo para potenciar o emprego e o emprendemento xuvenil na rexión Galicia-Norte de Portugal

- O proxecto, denominado Lidera, conta coa participación de varios socios galegos e portugueses.
- Cun orzamento comunitario do 75%, Lidera encádrase dentro do impulso que a Unión Europea brinda ao desenvolvemento rexional e á cooperación transfronteiriza.



O día 19 de xuño de 2017 presentouse o proxecto de cooperación transfronteiriza Lidera, impulsado pola Xunta en colaboración coa Fundación Galicia Europa e outras entidades galegas e portuguesas. Este proxecto, cun orzamento de 1,4 millóns de euros, enmárcase dentro do programa Interreg V España-Portugal 2014-2020 e ten como principal obxectivo mellorar as condicións necesarias para fomentar novas iniciativas empresariais en Galicia e na rexión norte de Portugal.

As actividades estarán orientadas á mocidade, co propósito de loitar contra o desemprego xuvenil, a fuga de talento e conceder as ferramentas necesarias para que este colectivo sexa un motor do impulso económico destas rexións.

Nun mercado laboral en constate cambio, Lidera busca facilitar a adaptación da mocidade que non estea no mercado grazas a numerosas actividades enfocadas á procura activa de emprego,

á mellora de habilidades e á posta en valor das capacidades persoais. Ademais, desenvolverase unha rede de apoio ao emprego, ofrecendo asesoramento e seguimento de novas iniciativas empresariais que se poñan en marcha nas rexións participantes.

### **Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento**


Cun prazo de execución de dous anos, Lidera céntrase en tres fases principais denominadas “Crece, Cataliza e Emprende”. Durante cada unha destas fases levaranse a cabo unha serie de actuacións orientadas a ampliar as oportunidades laborais dos mozos, con actividades como encontros sectoriais, accións de mobilidade entre as ambas rexións, cursos online públicos e de especialización en axentes de cooperación transfronteiriza, sesións de coaching, titorías personalizadas ou encontros con mozos emprendedores.

Este proxecto tamén creará unha rede de apoio ao emprego xuvenil a través de varios Espazos Xoves repartidos pola comunidade de Galicia, as oficinas transfronteirizas de información xuvenil Galicia-Norte de Portugal de Verín e Tui, así como outros centros de atención de Portugal.

### **Socios transfronteirizos**

A Fundación Galicia Europa conta coa colaboración dos Concello de Xinzo de Limia e da Cámara Municipal de Valença do Minho, onde se impartirán as actividades de carácter presencial, e dos demais socios do proxecto: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (ASCEGA), o Instituto Portugués do Desporto e da Xuventude (IPDJ), a Federación Nacional de Asociacións Xuvenís Portuguesa (FNAJ) e a Comunidade Intermunicipal Do Ave.

# O proxecto "LIDERA": á vangarda do emprego e o emprendemento xuvenil transfronterizos



**Interreg**  
España - Portugal  
**L I D E R A**



Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional  
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional

O proxecto “Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo” (acrónimo LIDERA) foi aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP) e ten como obxectivo promover o desenvolvemento económico transfronteirizo a través das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos e mozas do territorio. Conta cun orzamento de 1.428.692, 93 euros cunha financiación dun 75 % de fondos Feder e unha duración de catro anos (2016-2019).

## **Eixo e Obxectivos de LIDERA**

LIDERA encádrase no Eixo 2 de Interreg: Crecemento integrador a través dunha cooperación transfronteiriza a favor da competitividade empresarial.

O proxecto está dirixido a mellorar as condicións necesarias e propicias para a aparición de novas iniciativas empresariais.

En particular, LIDERA céntrase no obxectivo temático 3 (mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas), na prioridade de investimento 3 (promoción do espírito empresarial, facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas) e no obxectivo específico OE3A (mellorar as condicións necesarias e propicias para a aparición de novas iniciativas empresariais).

O obxectivo do proxecto é promover o desenvolvemento económico transfronteirizo a través da posta en valor das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos do territorio.

## Accións e resultados

As accións que levarán á consecución deses obxectivos dinamizarán o tecido empresarial transfronteirizo dado que impulsarán a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e lograrán a inserción laboral da mocidade no territorio transfronteirizo.

A alta taxa de desemprego xuvenil é un reto compartido no conxunto do territorio, polo que se fai necesaria unha cooperación que permita reter á poboación máis nova na zona, e que esta sexa motor do impulso económico da mesma.

No relativo aos resultados, o proxecto baséase na creación dunha rede solidaria coa que consolidar procesos de participación comunitaria e liderado xuvenil, desde a formación personalizada, orientación, o emprendemento e a innovación como resposta ás necesidades detectadas no territorio.

